

ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
O DÍA 25/08/2025
(Extracto en <https://sede.vilagarcia.gal> - transparencia)

PRESIDENTE

ALBERTO VARELA PAZ

CONCELLEIROS/AS

Lista de asistentes

JOSE MARIA GONZALEZ ARAUJO

LUZ MARIA ABALO PÉREZ

PAOLA MARIA MOCHALES

SONIA OUTÓN CASAL

DIEGO GARCIA SANTIAGO

CARLOS COIRA LOJO

Lista de non asistentes

TANIA GARCÍA SANMARTÍN

SECRETARIA

MARIA ROSA LOSADA SUAREZ

INTERVENTOR

JULIO FONTAÍÑA COUSO

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:30 horas do día 25/08/2025 reuníronse no Sala de reunións, previa a oportuna citación e en primeira convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión .

Desculpada a ausencia dos concelleiros indicados, e comprobada a existencia de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 18-ago-2025, que se aprobou por unanimidade.

RÉXIME INTERIOR

PRP2025/3288

Dáse conta do escrito presentado por Dona Ana Isabel Abalo Cespón, en representación de Asociación Veciñal e Cultural O Souto de Rubiáns, solicitando autorización para. corte de rúa os días 6, 7 e 8 de setembro con motivo da celebración das Festas Patronais de Rubiáns.

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisión sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.
- Dende o punto de vista do tráfico, deberá poñerse en contacto coa Policía Local para dispoñer a sinalización necesaria e planificar o corte da rúa.

PRP2025/3317

Dáse conta de escrito presentado por Eva Lede Reboredo, con DNI 77.461.263T, directora do centro Artístico Chassé de Ribadumia no que solicita autorización de uso da praza de Galicia para facer unha actividade de promoción de Pole Sport o vindeiro venres 29 de agosto de 11:00 a 13:00 horas e de 19:00 a 21:00 horas), garantindo a seguridade en todo momento aos participantes coa colocación de colchonetas e unha barra portátil.

Visto o informe do Director Deportivo da Fundación de Deportes acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade tal e como indica a Lei 3/2012 do Deporte de Galicia.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisión sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

PRP2025/3329

Con data 26 de maio de 2025, pola Organización empresarial parquistas de Carril (OPP-89), representada por Don José Luis Villanueva Vicente, solicitáronse neste Concello dúas licenzas de obras para edificación situadas no peirao de O Ramal, coa seguinte finalidade:

1.- Obras de modernización da Nave A, consistente na creación de pasarela metálica de acceso para limpeza e mantemento de carpintería exterior, no muelle de O Ramal de conformidade co Proxecto Técnico subscrito polo Arquitecto Técnico D. José M. Millán Armas.

2.- Obras de modernización da nave B, consistentes na instalación de carpinteira exterior (ventanas) e acondicionamento interior no muelle O Ramal, descritas no proxecto técnico D. José M. Millán Armas.

Posteriormente, con data 8 de agosto de 2025, a Organización empresarial parquistas de Carril, representada por D. José Luis Villanueva Vicente, presenta neste Concello una “comunicación previa do inicio de actividade económica e/ou apertura da nave no peirao de O Ramal, para clasificación e rexistro de moluscos”.

As obras de modernización solicitadas para as naves A e B situadas no Peirao de O Ramal non contan coas licenzas de obras correspondentes (actualmente en tramitación) e por outra banda a comunicación previa de inicio de actividade económica e/ou apertura de nave no peirao de O Ramal, para clasificación e rexistro de moluscos, resulta ineficaz, xa que, non consta a documentación mínima esixible para a súa tramitación (documentación técnica, taxas, etc.)

Polo exposto, comunícase ao Presidente da Autoridade Portuaria de Vilagarcía de Arousa, que a organización empresarial parquistas de Carril (OPP-89), non pode desenvolver a actividade solicitada de clasificación e rexistro de moluscos, nas naves descritas ata que sexan concedidas as dúas licenzas urbanísticas, e conte coa conformidade municipal ao inicio da actividade económica e/ou apertura da nave no peirao de O Ramal.

No suposto de que se estivese realizando a actividade económica procedería pola Alcaldía a adopción das medidas previstas no artigo 26 da Lei 9/2013, de 19 de decembro, de emprendemento e da competitividade económica de Galicia, entre outras, á declaración de

ineficacia da comunicación previa, e conseguintemente, ao peche do establecemento no caso de estar aberto ao público e/ou en funcionamento.

RECURSOS HUMANOS

PRP2025/3319

Acórdase o recoñecemento de obrigación a favor dos/as Sres./as Concelleiros/as, membros da Corporación Municipal, polos importes que a seguir se din, correspondentes a asistencia ás sesións do Pleno, Xuntas de Goberno, Comisións Informativas, Mesas de Contratación e Xerencia de Urbanismo, do 1 ao 31 de xullo de 2025, por un importe total de 8.150,00 € e con cargo á partida 912.233:

CARGO ELECTO	PLENOS E XGL		COMISIÓNS INFORMATIVAS		MESA CONTRATACIÓN XERENCIA URBANISMO		TOTAL EUROS
	Nº sesións	Importe	Nº sesións	Importe	Nº sesións	Importe	
D. CARLOS COIRA LOJO	5	x 150,00 €	2	x 125,00 €	1	x 50,00 €	1050,00 €
D. DIEGO GARCIA SANTIAGO	5	x 150,00 €	2	x 125,00 €	---	x 50,00 €	1000,00 €
Dª LUZ MARIA ABALO PÉREZ	5	x 150,00 €	2	x 125,00 €	2	x 50,00 €	1100,00 €
D. JOSÉ MARÍA GONZÁLEZ ARAÚJO	5	x 150,00 €	2	x 125,00 €	1	x 50,00 €	1050,00 €
D. JUAN ANDRES BAYON ROLO	1	x 150,00 €	---	x 125,00 €	---	x 50,00 €	150,00 €
Dª Mª ELENA SUAREZ SARMIENTO	1	x 150,00 €	2	x 125,00 €	---	x 50,00 €	400,00 €
D. JESUS REY RODRIGUEZ	1	x 150,00 €	2	x 125,00 €	1	x 50,00 €	450,00 €
D. ROBERTO DOMINGUEZ BUSTELO	1	x 150,00 €	2	x 125,00 €	1	x 50,00 €	450,00 €
Dª MARTA MARÍA FERRADANS PADIN	1	x 150,00 €	2	x 125,00 €	---	x 50,00 €	400,00 €
D. DAVID HIGINIO OLIVEIRA BARREIRO	1	x 150,00 €	2	x 125,00 €	---	x 50,00 €	400,00 €
D. JULIO VARELA CARDALDA	1	x 150,00 €	2	x 125,00 €	---	x 50,00 €	400,00 €
D. FRANCISCO JAVIER RODRIGUEZ PAZ	1	x 150,00 €	2	x 125,00 €	---	x 50,00 €	400,00 €
Dª ROSA Mª ABUIN RODRIGUEZ	1	x 150,00 €	2	x 125,00 €	---	x 50,00 €	400,00 €
D. JUAN MANUEL FAJARDO RECOUSO	1	x 150,00 €	2	x 125,00 €	2	x 50,00 €	500,00 €
TOTAL							8150,00 €

PRP2025/3320

En sesión plenaria do 27 de xullo de 2023 acordouse fixar como aportación para gastos de sostemento dos grupos municipais a cantidade mensual de 350,00 € como compoñente fixo e 300,00 € como compoñente variable en función do número de concelleiros do grupo con efectos retroactivos do 17 de xuño de 2023,

A Xunta de Goberno Local acorda o recoñecemento de obriga a favor dos seguintes grupos municipais, por importe total de 7.700,00 €, con cargo á partida 912.489, polo período do 1 ao 31 de xullo de 2025, coa seguinte desagregación:

GRUPO MUNICIPAL	Número concelleiros	Comp. Fixo €	Compoñente variable €	Total Mes xullo
PARTIDO POPULAR G36573152	9	350,00	300,00 x 9 = 2.700,00 €	3.050,00 €
PSdeG-PSOE G36573277	9	350,00	300,00 x 9 = 2.700,00 €	3.050,00 €
BNG V36594372	2	350,00	300,00 x 2 = 600,00 €	950,00 €
ESQUERDA UNIDA V94192663	1	350,00	300,00 x 1 = 300,00 €	650,00 €
T O T A L 7.700,00 €				

EDUCACIÓN, SANIDADE E MERCADOS

EDUCACIÓN

PRP2025/3068

As publicacións periódicas constitúen un dos materiais bibliográficos máis consultados nas bibliotecas públicas. O servizo de hemeroteca ofrece o acceso a información actualizada e histórica, a través da consulta de periódicos, revistas, boletíns... A Biblioteca Municipal conta con varias subscricións a publicacións periódicas, abarcando ámbitos e temáticas diferentes.

As revistas en formato físico son parte destas publicacións periódicas que a Biblioteca Municipal pon ó servizo dos usuarios. Recollen artigos, imaxes e outros contidos sobre un ou varios temas de interese xeral ou especializado. A diferenza da prensa, que se centran nas noticias, as revistas afondan en temas específicos ou ofrecen contidos máis amplos de entretemento, cultura ou información.

Pola Dirección da Biblioteca Pública Municipal considerase necesaria a redacción dunhas normas que recollan o tratamento que deben recibir as revistas en formato físico, en canto ó seu control dende o punto de vista bibliotecario, como a súa consulta e préstamo, dende o punto de vista do usuario.

Tendo en conta o anterior, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar as normas propostas sobre o control, consulta e préstamo de revistas en formato físico na Biblioteca Municipal.

TURISMO E MEDIO AMBIENTE

MEDIO AMBIENTE

PRP2025/3315

Vista a proposta da Concellería de Medio Ambiente, a Xunta de goberno Local acorda adxudicar o contrato menor para subministro de 900 unidades de vasos reutilizables para o seu reparto durante a celebración do Festival Ameixa Rock, á empresa DISTRILEMA QUIMICOS S.L., con CIF B70316328 por un importe de 778,03 € (IVE INCLUÍDO) con cargo á partida orzamentaria 1720-22199, de conformidade co orzamento presentado.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

CULTURA

PRP2025/3277

Vista a proposta da Concellería de Cultura, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o convenio de colaboración coa Entidade Revenidas SC e a súa posterior sinatura para a concesión dunha subvención, por importe total de 45.000,00 € con cargo á partida 334.479, destinada a sufragar os gastos derivados das distintas actividades que se levarán a cabo con motivo do FESTIVAL REVENIDAS 2025, que se celebrará do 11 ao 14 de setembro en Vilaxoán, establecendo o período de gasto elixible dende o 1 de novembro de 2024 ao 31 de outubro de 2025.

CONTRATACIÓN

PRP2025/3314

Por Resolución de Alcaldía, de data 18 de xuño de 2025, aprobáronse os pregos de cláusulas administrativas particulares, de prescricións técnicas e os seus anexos e dispúxose a apertura do procedemento de adxudicación do contrato para o alleamento, mediante poxa do guindastre municipal, marca Nissan, modelo Cabstar, matrícula 5171DLH.

Durante o prazo de presentación de ofertas concorreron as seguintes empresas: GRUAS Y ASISTENCIA NOVO S.L. e MOTOR BARNA, S.A.

As empresas concorrentes do contrato de referencia presentaron as ofertas que a seguir se indican:

EMPRESA CONCURRENTE	PRECIO SIN IVA
GRUAS Y ASISTENCIA NOVO S.L.	2.550,00€
MOTOR BARNA, SA	2.500,00€

Aplicados os criterios de valoración e adxudicación previstos nos pregos que rexen a licitación, resulta a seguinte valoración:

EMPRESA CONCURRENTE	PRECIO SIN IVA	Puntuación
GRUAS Y ASISTENCIA NOVO S.L.	2.550,00€	100
MOTOR BARNA, SA	2.500,00€	98

De conformidade á avaliación das propostas aportadas polos licitadores, a mesa conclúe a seguinte lista ordenada de maneira decrecente de puntuación de acordo ás puntuacións obtidas polos licitadores nas diferentes fases:

Orde: 1NIF: B36477701 GRUAS Y ASISTENCIA NOVO S.L. Proposto para a adxudicación.

Total criterios CJV:

Total criterios CAF: 100

Total puntuación: 100

Orde: 2NIF: A08987364 MOTOR BARNA, SA

Total criterios CJV:

Total criterios CAF: 98

Total puntuación: 98

Visto o que antecede, e téndose completado o expediente de contratación e incorporada ao expediente a documentación á que fai referencia o artigo 150.2 da LCSP, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar o contrato privado denominado “Alleamento, mediante poxa, do guindastre municipal marca Nissan, modelo Cabstar, matrícula 5171DLH”, cun importe mínimo de licitación de 2.500,00€ (sen IVE), á empresa con NIF: B36477701 GRUAS Y ASISTENCIA NOVO S.L. de conformidade coa súa oferta, por ser esta a oferta mais ventaxosa, en aplicación dos criterios de valoración e adxudicación que rexen a licitación.

A oferta do licitador é a seguinte:

- Prezo ofertado: 2.550,00€ (sen IVE).

PRP2025/3321

Por Resolución Presidencial de data 12 de marzo de 2025, a Deputación Provincial concedeu a subvención por importe de 8.712,00 € para financiar o 100% do investimento de referencia, con cargo ao II Plan Extraordinario de Infraestruturas Deportivas.

Solicitadas tres ofertas a empresas especializadas no sector para a adquisición da subministración de 600 asentos para o Pavillón Municipal de Fontecarmoa 1, conforme ao Prego de Prescricións técnicas (PPT) aprobado por acordo da X.G.L. de 20/01/2025, presentaron oferta as seguintes empresas:

- MEDULIO SERVICIOS Y OBRAS S.L. cun importe de 8.699,90 € (IVE incluído).
- MONDO IBERICA S.A.U. cun importe de 8.588,58 € (IVE incluído).
- GRUPO ESPACIOS VERDES 2013 S.L. cun importe de 8.887,45 € (IVE incluído).

Dáse conta de informe do Directo Deportivo da Fundación Municipal de Deportes no que se indica que as 3 empresas presentan a oferta por asentos de polipropileno e parafusería para a súa instalación, coas seguintes medidas:

- MEDULIO SERVICIOS Y OBRAS S.L.: Dimensións de profundidade do asento 400 mm , anchura do asento: 450 mm, altura do respaldo de 250 mm
- MONDO IBERICA S.A.U.: Dimensións 400mm de profundidade, 450mm de anchura e 250 mm de altura de respaldo.
- GRUPO ESPACIOS VERDES 2013: Dimensións de 400mm de profundidade, 450mm de anchura e 250mm de altura de respaldo.

Todas as ofertas, conforme ao informe emitido polo Director Deportivo, son admitidas e, visto o que antecede, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar o contrato menor de “Subministración de 600 asentos con destino ao Pavillón Municipal de Fontecarmoa 1” á mercantil Mondo Ibérica, S.A.U. (A50308139), por importe de 7.098,00 € (IVE excluído), ao que lle corresponde un IVE 21% de 1.490,58 €, o que totaliza un importe de adxudicación de 8.588,58 €, financiándose con cargo ao II Plan Extraordinario de Infraestruturas Deportivas e sendo o prazo de execución dun mes. (partida 342.62900).

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2025/3322

O Concello de Vilagarcía de Arousa conta con diversas instalacións dedicadas a procurar que os nenos e nenas teñan espazos públicos de ocio, nos que desfrutar ao aire libre. Algúns destes parques infantís, polo uso habitual que se lle da e a exposición a todo tipo de condicións meteorolóxicas (calor, frío, chuvias), fan que sexa inevitable o seu deterioro.

Detectada a existencia de certas deficiencias, que requiren de obras de reparación integral, no parque infantil de A Xunqueira, e co obxectivo de garantir o bo estado e a seguridade destes espazos; o concello de Vilagarcía de Arousa, contempla a execución das obras necesarias para asegurar o bo estado do citado parque. Esta actuación inclúe a retirada dos xogos existentes para a súa posterior reparación (algún en taller e outros in situ), desmontaxe e reparación de diversas pezas, así como substitución daquelas que non sexa posible reparar. Inclúese ademais a instalación de céspede artificial e dun valado de madeira.

O contrato abarca intervencións físicas (reparacións de estruturas, pavimentos, reparacións de elementos desgastados...) que supoñen unha intervención técnica sobre un ben inmovible que debe

encadrarse como contrato de obra.

Considérase un prazo de execución de 2 meses para a completa realización dos traballos.

O valor estimado do contrato é de 39.770,00 €.

Visto o anteriormente exposto, foi solicitada oferta á mercantil Garocaprim, S.L.. experta neste campo de actuación, que remite a seguinte oferta:

Licitador	Oferta (IVE excluído)	Oferta (IVE engadido)
Garocaprim, S.L.	39.770,00€	48.121,70 €

Tendo isto en conta, a Xunta de Goberno Local acorda:

1. .- Adxudicar o contrato menor de “Obras no parque infantil de A Xunqueira” á mercantil Garocaprim, S.L. (B94016805), por importe de 39.770,00 € (IVE excluído), ao que lle corresponde un IVE (21%) de 8.351,70€, o que totaliza un importe de adxudicación (IVE engadido) de 48.121,70 €; con cargo á aplicación orzamentaria 171-61900 e cun prazo de execución de 2 meses.
2. .-Nomear ao arquitecto municipal, don Xoán Xosé Rodríguez Cuíña, como director de obra do investimento denominado “Obras no parque Infantil de A Xunqueira”.

PRP2025/3323

Proposta da Alcaldía para adxudicar o contrato menor de Servizos de "Limpeza Extraordinaria por obras no Centro de Educación Especial de Vilagarcía de Arousa, con motivo das obras levadas a acabo durante os meses de verán:

Con motivo das obras levadas a cabo durante os meses de verán nas instalacións do CENTRO DE EDUCACIÓN ESPECIAL DE VILAGARCÍA DE AROUSA, e ante o inminente comezo do curso escolar 2025/2026 faise necesario proceder a súa limpeza antes do día 1 de setembro.

Visto o que antecede e ao tratarse dun contrato menor de servizos, solicitouse orzamento a empresa:

Licitador	Oferta económica (IVE engadido)
CLECE, S.A (A80364243)	380,31 €

O Prazo de execución será de 1 día.

Visto o que antecede, a Xunta de Goberno Local acorda:

Adxudicar o contrato menor de servizos de “Limpeza Extraordinaria por obras no Centro de Educación Especial de Vilagarcía de Arousa”, á empresa CLECE, S.A (A80364243), por importe (IVE excluído) de 314,31 €, ao que lle corresponde un IVE 21% de 66,00 € o que totaliza un prezo de adxudicación (IVE engadido) de 380,31 € con cargo á aplicación orzamentaria 320-22700 do orzamento municipal; cun prazo de execución de 1 día.

PRP2025/3324

Por Resolución Presidencial de data 13 de marzo de 2025, a Deputación Provincial concedeu a subvención por importe de 18.004,80 € para financiar o 100% do investimento de referencia, con cargo ao II Plan Extraordinario de Infraestruturas Deportivas.

As actuacións propostas son as seguintes:

- Subministro e instalación de 12 proxectores LED do fabricante Iluminia, de 660 W de potencia por unidade, distribuídos en 3 proxectores por cada unha das 4 torres existentes.
- Revisión e adecuación das liñas eléctricas da instalación, garantindo a súa seguridade e correcto funcionamento.

- Garantía mínima de 5 anos sobre os proxectores instalados e sobre a execución dos traballos.

Solicitadas tres ofertas a empresas especializadas no sector para a adquisición da subministración e instalación de luminarias no campo de Fútbol de Vilaxoán, conforme á Memoria Técnica Valorada aprobada por acordo da X.G.L. de 20/01/2025, presentaron oferta as seguintes empresas:

- FASE SERVICE PARTNER EN INSTALACIONES ELECTRICAS S.L. (B27817097) cun importe de 14.642,00 € (SEN IVE).
- MONTAJES ELECTRETICOS SALNES, S.L.U. (B36417863) cun importe de 14.950,00 € (SEN IVE).
- ALCASI SYSTEMS, S.L. (B72910664) cun importe de 15.235,00 € (SEN IVE).

Todas as ofertas presentadas, conforme ao informe emitido polo Xefe encargado do alumado público, son admitidas.

Vista a proposta da Concellería de Deportes, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar o contrato menor de “SUBMINISTRO E INSTALACIÓN DE LUMINARIAS EN CAMPO DE FUTBOL DE VILAXOÁN” á mercantil FASE SERVICE PARTNER EN INSTALACIONES ELECTRICAS S.L. (B27817097), por importe de 14.642,00 € (IVE excluído), ao que lle corresponde un IVE 21% de 3.074,82 €, o que totaliza un importe de adxudicación de 17.716,82 €, financiándose con cargo ao II Plan Extraordinario de Infraestruturas Deportivas, con cargo á aplicación orzamentaria 342623 Proxecto: 2025-2-peid-6 do orzamento municipal, e sendo o prazo de execución dun mes.

E sen máis asuntos que tratar, ás 11:55 levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.